

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓN S PARA A SÍNDROME DE DOWN (**DOWN GALICIA**), PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE ANÁLISE, ESTUDO E SENSIBILIZACIÓN SOBRE AS NECESIDADES E O ENVELLECIMENTO DAS PERSOAS ADULTAS COA SÍNDROME DE DOWN

Santiago de Compostela, 28 de novembro 2018


REUNIDOS

Dunha parte:



D José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:



Don Delmiro Prieto González, con D.N.I. nº 71497418D, que actúa en nome e representación da **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down**, (en adiante **DOWN GALICIA**), con CIF nº G-15665144, en virtude da súa condición presidente dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que a entidade DOWN GALICIA figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1284, tendo por finalidade tal como recolle nos seus Estatutos, coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.


V. Que DOWN GALICIA ten entre os seus obxectivos:

a) Impulsar que as persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual participen activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente.

b) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual.

c) Establecer os programas e accións encamiñadas a promover estudos científicos sobre a Síndrome de Down e discapacidade intelectual.

d) Promover e realizar campañas de información e mentalización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual.



- e) Promover proxectos de integración escolar, laboral, social, programas de saúde e todos aqueles que favorezan o desenvolvemento persoal e a plena inclusión das persoas con Síndrome de Down e discapacidade intelectual.
- f) Xestionar subvencións ante os Organismos competentes de carácter autonómico, nacional ou internacional (públicos ou privados) para obter recursos para o seu mantemento e o funcionamento de todos os programas e servizos que desenvolve, coordina e promove.
- g) Prestar apoio psicolóxico ás familias das persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual, especialmente ás nais e pais con sobrecargas familiares.
- h) Promover a autonomía persoal das persoas con S. Down e discapacidade intelectual.
- i) Favorecer a inclusión social das persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual en todas as etapas da súa vida, evitando a súa exclusión social e aumentando a súa participación no mercado de traballo, para lograr unha igualdade real de oportunidades e conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos (familiar, escolar, laboral e social)

Mellorar os mecanismos existentes para a defensa dos dereitos das persoas maiores coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual; proporcionar e promover accións de envellecemento activo e participación social, así como a prestación de servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida.

VI. Que ambas partes son conscientes da necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas maiores coa síndrome de Down, na medida en que estas envellecen, impulsando o proceso de adecuación dos recursos de atención a fin de facilitarlles maiores oportunidades de envellecemento activo e saudable que fomenten a súa independencia e autonomía persoal así como que melloren a súa calidade de vida.

Esta necesidade afecta ás persoas maiores con discapacidade intelectual en xeral e ao conxunto das persoas coa síndrome de Down en particular xa que, segundo estudos empíricos, certas células das persoas con síndrome de Down están baixo a ameaza da tensión oxidativo. A lesión que estes radicais exercen sobre os lípidos mitocondriais, as proteínas e o ADN mitocondrial poden explicar a acción permanente e prexudicial que vai erosionando a vida e a permanencia das células, levándoas cara ao envellecemento e a morte. É así como o envellecemento precoz, é unha das características máis acusadas da síndrome de Down.

O envellecemento das persoas con Down pode considerarse, un gran desafío, pois supón unha maior esixencia social e económica. A esperanza media de vida das persoas con síndrome de Down incrementouse significativamente nos últimos anos.



O verdadeiro reto para o aumento da esperanza de vida das persoas coa síndrome de Down reside en incrementar a mellora na súa calidade de vida, o que lles vai a permitir manter a actividade e as maiores cotas de autonomía persoal para gozar de boa saúde e ser persoas produtivas, como motor dos factores biolóxico- xenéticos e da capacidade de adaptación da persoa, que será maior canto maior sexan os recursos persoais e sociais adquiridos ao longo do seu ciclo vital.

Neste sentido, dunha banda é necesario traballar en torno a atención ao envellecemento deste colectivo, e por outra banda, avanzar no coñecemento deste colectivo de maiores e das súas particularidades, por parte dos profesionais da xeriatría e xerontoloxía, co fin de adaptar os procedementos de diagnóstico de trastornos ligados ao envellecemento, favorecendo así unha mellor e máis axustada atención a estas persoas.


Este proxecto goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos que se prevé a posibilidade de excepcionar o réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Igualmente, o artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas entre outros, para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de urxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Neste contexto, o proxecto procurará a atención das necesidades de persoas en situación de especial vulnerabilidade, en particular das persoas coa síndrome de Down destinatarias das accións a realizar, do que se pretenden obter resultados transferibles aos servizos públicos respectivos.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade DOWN GALICIA para contribuír ao financiamento do desenvolvemento dun proxecto de prevención e atención ao proceso de envellecemento para persoas coa síndrome de Down.

VII. Que as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto





176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un: proxecto de análise, estudo e sensibilización sobre as necesidades e o envellecemento das persoas adultas coa síndrome de Down, con suxeición ás seguintes


CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do desenvolvemento dun proxecto de prevención e atención ao proceso de envellecemento no que, partindo do análise, estudo e sensibilización das necesidades do envellecemento das persoas adultas coa síndrome de Down se fomente a súa independencia e autonomía persoal adoptando as pautas que melloren a súa calidade de vida .

O proxecto incluírá as actividades que a continuación se detallan:

- Identificación das características e necesidades sociais, afectivas, intelectuais e físicas relativas á calidade de vida do envellecemento das persoas con síndrome de Down.
- Estudo da prevalencia das necesidades detectadas segundo diferentes variables de relevancia: idade, sexo, área xeográfica.
- Análise da relación existente entre as necesidades detectadas e as diferentes variables obxecto de proxecto de estudo.
- Contraste das necesidades detectadas cos resultados de investigacións e estudos xa realizados.
- Definición dun mapa de necesidades das persoas coa síndrome de Down en relación ás diferentes dimensións de calidade de vida.
- Identificación de medidas e liñas de actuación que dean respostas axeitadas ás





necesidades detectadas da poboación coa síndrome de Down e que contribúan a mellorar a atención do colectivo en todos os ámbitos.

- g) Difusión dos resultados aos servizos que atenden ás persoas coa síndrome de Down en idade adulta contribuíndo a paliar as necesidades detectadas propiciando unha mellora na atención técnica multidisciplinar (especialmente no ámbito sanitario e da xerontoloxía)

SEGUNDA: Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria contará co persoal da súa plantilla, así mesmo poderá contratar con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.


TERCEIRA: Requisitos do beneficiario.

Con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver a entidade beneficiaria presentará, unha declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A declaración responsable fará mención expresa de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o indicado no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O requisito de estar ao corrente no cumprimento das ditas obrigas, deberá acreditarse tamén en cada un dos pagamentos da subvención.

CARTA: Obrigas do beneficiario.





De conformidade co previsto polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen:





"subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social ", co seu respectivo logotipo.

- h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA: Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **oitenta e cinco mil euros (85.000 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria **12.04.312D.481.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

SEXTA: Gastos subvencionables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, os previstos polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia.


En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Os gastos aplicables ao obxecto do convenio serán dunha banda os gastos directos e, doutra banda as subcontratacións.

- a) Serán gastos directos, os seguintes gastos:

1º Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención ata un límite de 42.000 euros anuais por traballador a xornada completa. As retribución acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.

2º Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio e deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia as establecidas para a administración pública). Deberá de recollerse na fase de xustificación os motivos da viaxe e o lugar de reunión.



3º Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto da subvención; estes deberán ser moderados, podendo requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.


b) Subcontratacións:

Considéranse subcontratacións as accións contratadas a terceiros polo beneficiario, que supoñan a execución parcial ou total de unha ou varais das actividades incluídas na cláusula primeira do obxecto do convenio.

A estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Autorízase a subcontratación da execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, ata unha porcentaxe do 70 por cento do seu importe total, coas seguintes entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, xustificando que a xustificación se realizan consonte as condicións normais de mercado.



DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN

DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN

ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL

FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA

ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE COMPOSTELA

DOWN CORUÑA: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN

ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO- DOWN LUGO

DOWN OURENSE

Non se considerarán subvencionables os gastos correntes nin de persoal correspondentes as anteriores entidades cando teñan relación contractual cunha administración pública para o desenvolvemento das accións que se atopen no eido do obxecto dos referidos contratos.

SETIMA: Compatibilidade das axudas



A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

OCTAVA: Xustificación


Para a xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto nesta cláusula.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

A xustificación realizarase mediante a presentación dunha conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, particularmente incorporará:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención e das accións desenvolvidas en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de beneficiarios en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.





b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento con indicación das desviacións producidas.

incluirase relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

2º As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e os xustificantes do seu pagamento.

3º Os documentos acreditativos dos gastos de persoal e demais gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na punto 1º.

4º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

6º Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) Aprobación da conta xustificativa polo representante da entidade.

d) Revisión da conta xustificativa efectuada por un auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

Aportarase o informe da revisión efectuada polo auditor de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación





aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula sexta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.

2º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.

4º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nas cláusulas sexta, sétima e oitava deste convenio.

5º Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.


6º Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

O beneficiario da subvención estará obrigado a pór á disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da lei de subvencións de Galicia, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

O prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 15 de decembro de 2017.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Exclúese desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social do mes



de decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2018.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada polo representante de DOWN GALICIA.

NOVENA: forma de pagamento

O pagamento efectuarase na conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Nos termos previstos polo apartado un do artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, unha vez asinado o presente convenio, efectuarase un pagamento anticipado polo 19 % do importe a conta da liquidación da totalidade da subvención

b) O pagamento resultante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula octava do convenio.


Para a tramitación dos pagamentos previstos nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

d) Os pagamento realizaranse previa verificación polo órgano concedente do cumprimento da entidade de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente o pago de débedas coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009.

DÉCIMA: Incumplimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, o órgano concedente poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.


DÉCIMO PRIMERA: Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase DOWN GALICIA dende o 1 de xaneiro de 2017 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

DÉCIMO SEGUNDA: Publicidade

As partes asinantes autorizan, coa formalización do presente convenio, a que se inclúan e fagan públicos os datos relativos á achega económica outorgada por medio do presente convenio nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, así como a que se publiquen estes datos no Diario Oficial de Galicia e na web da Consellería de Política Social, de conformidade coas previsións normativas dos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e dos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.




Igualmente as partes asinantes consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións incluídas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o presente convenio e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA: Protección de datos



De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento, os datos persoais recollidos na execución deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a entidade beneficiaria, incluíranse nun ficheiro creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social, e denominado "Relacións administrativas coa cidadanía e entidades", cuxo obxecto é informar ás persoas interesadas sobre o desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da citada consellería mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, San Caetano, s/n. Santiago de Compostela (15781), ou a través dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.

Ao ficheiro referido no punto anterior, incorporaranse os datos persoais das persoas participantes no estudo, para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística.

A aceptación da subvención supón a cesión dos ditos datos por parte da entidade beneficiaria á Consellería de Política Social, polo que estas son responsables de informar aos participantes sobre a existencia e finalidade da cesión, así como de obter o seu consentimento.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999.

DÉCIMO CARTA: Comisión de seguimento



Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes da Consellería de Política Social, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración, reunirase cando así o solicite algunha das partes.


Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándose os principios da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.





Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL

José Manuel Rey Varela

O PRESIDENTE DE DOWN GALICIA,

Delmiro Prieto González